



## Xunta de Persoal de Administración e Servizos

Informámosvos que A Xunta de Persoal, na reunión mantida hoxe 29-01-2014 decidiu por unanimidade solicitar á Xerencia:

1. O mantemento das prestacións por acción social igual que no 2013, incluíndo o seguro de Adeslas xa que a súa cancelación suporía un grave prexuízo tanto para o colectivo como para a universidade pola indemnización que tería que asumir. Que os fondos destinados a esta acción social non sexan inferiores ao 1,5% da masa salarial.
2. Que nos remita, coa maior brevidade, unha proposta de nova regulamentación das comisións de servizos para a mellora da existente e para a adaptación a escala técnica de PAS funcionario.
3. A negociación dun acordo estable para os procesos de provisión.
4. As vacantes que se produzan antes da resolución do concurso, se incorporen ás adxudicacións a resultas.
5. Reiteramos a solicitude dunha proposta de regulamento de constitución e actuación dos tribunais.
6. Ampliar o prazo de goce do día de asuntos propios correspondente ao 2013 ate o venres 7 de marzo como medida de conciliación familiar, logo das peticións recibidas nesta Xunta de Persoal.
7. Tres días adicionais de asuntos persoais en substitución dos festivos que coincidan en sábado segundo a Resolución da Xerencia do 17 de xuño de 2013 sobre días adicionais de asuntos persoais.
8. Ao existiren sentenzas favorables con respecto ao goce dos días adicionais de vacacións e asuntos propios por antigüidade, solicitamos que se restitúa o dereito ao seu goce.
9. Reiterar a solicitude de publicación dos criterios para o cese dos interinos.

Hoxe mesmo recibimos as seguintes respostas da que vos damos traslado:

**De:** "Xerencia"

**Para:** "Xunta de Persoal PAS"

Bo día,

En atención ás cuestións formuladas á Xerencia pola Xunta de Persoal o pasado 29 de xaneiro, comunícase:

1. Polo que respecta ás prestacións de acción social para este ano, está prevista unha reunión solicitada pola Xunta de Persoal para este próximo venres, na que se tratará a cuestión, que foi debatida con todos os representantes sindicais na Mesa constituída para o efecto. Nesta Mesa, na que non se acadou un acordo, expúsose por parte da Xerencia que a minoración orzamentaria prevista para 2014, tras as incorporacións de remanentes de 2013, finalmente non afectaría ao réxime de exención das taxas de matrícula universitaria do persoal, nin ás axudas para escola infantil nos Campus da Coruña e Ferrol, senon que minoraría ás coberturas dos seguros de vida e accidentes do PDI e implicaría unha aportación do PAS ao prezo dos actuais seguros médicos concertados con ADESLAS que, polo tanto, materán a súa vixencia durante este ano.
2. Próximamente remitirase para o seu estudo e informe unha proposta de revisión do procedemento de designación de comisións de servizo, especialmente para adaptalo ás novas escalas de PAS resultantes do proceso de funcionarización.



## Xunta de Persoal de Administración e Servizos

3. A negociación dun acordo para os procesos de provisión deberíase de retomar unha vez resolto o concurso actualmente convocado, co obxecto de poder analizar o funcionamento e validez do novo baremo da fase de méritos xerais incluído no mesmo, e que é resultado da anterior negociación.
4. Tal e como se informou anteriormente e no pasado Consello de Goberno, na resolución do concurso actual adxudicaránse os postos nel incluídos e os derivados da fase de resultas, segundo figura nas súas bases; sen que proceda polo tanto incluír as vacantes que xurdan ata a súa resolución.
5. En canto os traballos actuais por parte do servizo de PAS o permitan, remítarase tamén para estudo e informe unha proposta de regulación dos tribunais de selección.
6. Non procede a ampliación do prazo de goce dos días de asuntos propios correspondentes a 2013, considerando que o día adicional incluído pola Lei orgánica 9/2013 con cargo a 2013 se pode gozar ata o 28 de febreiro actual, tal e como se solicitou pola Xunta de Persoal, e que está pendente de ditarse a correspondente resolución de compensación polos festivos laborais que este ano coinciden en sábado; esta resolución proporase á Xunta de Persoal durante o presente mes.
7. A respecto do goce dos días adicionais de vacacións e asuntos propios por antigüidade, non temos constancia de ningunha modificación da normativa xeral nin recibido notificación de ningunha resolución xudicial que altere o réxime actualmente previsto no EBEP trala súa modificación polo Real decreto-lei 20/2012 nesta materia.
8. Polo que respecta aos criterios para o cesamento de persoal interino con motivo da resolución de concurso convocado, estanse a revisar as diferentes situacións que se poidan producir. En todo caso, e como xa se informara en anteriores reunións coa Xunta de Persoal, este cese procederá sempre que se produza a ocupación efectiva do posto por un funcionario de carreira. Noutro caso, non resultaría preciso este cese ao permanecer efectivamente vacante o posto, circunstancia que por outra parte permite un mellor funcionamento dos servizos ao manter a estabilidade do seu persoal, evitando rotacións innecesarias.

Atentamente,

Juan M. Díaz Villoslada

**Xerente**

---

A conta de correo é: [xunta.persoal@udc.es](mailto:xunta.persoal@udc.es) para aclarar calquera dúbida ou recibir aquelas propostas ou suxestións que consideredes de interese.

---